

Acta da reunión de Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis celebrada o 20 de Agosto de 2020 ás 19:30 horas en segunda convocatoria por videoconferencia por Skype, á que asisten os seguinte membros:

<p>Presidente: José Mosquera Casero                  Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle                  Secretario: Ignacio López López                  Tesorera: Antía García Fernández                  Clubs:                  Gabriel Fernández Mourelle -ETmarineda                  Teresa Castro Jorroto- CTNigrán                  Fernando Rodríguez Ferreira- Árbitro                  Asistente a presidente:                  Marco A Casal Costas                  Asistente a secretario:                  M<sup>a</sup> Jesús Fernández García</p>	<p>Acta de sesión:                  É aberta polo presidente, que saúda e agradece a asistencia a todos os existentes.                  Os participantes recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes:</p> <p><b>1. Aprobación da acta da reunión anterior:</b>                  A acta é aprobada por unanimidade polos membros participantes nesta reunión.</p> <p><b>2. Renovación da Xunta Directiva</b>                  D. José Mosquera informa da inclusión na Xunta Directiva da FGT de D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Martínez Riveiro (Club de Tenis A Pedralba) e D. Leovigildo Real Guerreiro (CD D10). Tamén a dimisión de Sonia López García, que será substituída próximamente.</p>
---	---

### 3. Formulación definitiva das contas anuais do 2019.


Toma a palabra José Mosquera que fai referencia aos documentos enviados con anterioridade aos membros desta Xunta Directiva.

Explica brevemente as variacións que se produciron no Balance e na Conta de Resultados desde a última reunión en xuño, todas elas despois do seguimento das contas que se fixo cos auditores. Dun beneficio de aproximadamente 10000€ pásase a un beneficio de 6511.94€ e é fundamentalmente debido ao Imposto de Sociedades porque Facenda entende que hai que facer declaración dos beneficios que producen a Escola de Tenis de Samil e no seu momento a Escola de Tenis Lugo e os importes conseguidos por patrocinios, onde se se poden vincular para o seu desconto as facturas directamente vinculadas ás actividades. Dánse de baixa as subvencións a clubs do exercicio 2019 por estar prescrito, e por consello dos auditores e Facenda.

O Balance vese mellorado, por unha banda, porque o resultado final é positivo e porque se incrementou o activo ao comprar o segundo vehículo federativo.

O Balance se formula como sigue:

<b>ESTADOS FINANCIEROS</b>			
<b>Balance de situación a 31/12/2019 e 2018</b>			
	NOTAS MEMORIA	31/12/2019	31/12/2018
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>40790,39</b>	<b>1361,69</b>
I. Inmovilizado intanxible	7	93,35	93,35
II. Inmovilizado material	8	40697,04	1268,34
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>53835,3</b>	<b>29084,21</b>
I. Existencia		5976,59	13899,25
II. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		44576,7	4236,49
1. Clientes		6391,58	4251,37
3. Outros deudores	12	38185,12	-14,88
V. Periodificacións a curto prazo		557,61	
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		2724,4	10948,47
		<b>94625,69</b>	<b>30445,9</b>



<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>(18704,12)</b>	<b>(54558,32)</b>
A-1 Fondos propios		(48612,07)	(54558,32)
I. Fondo Social	10	37222,36	37222,36
III. Reservas	10	(8641,77)	(8076,08)
V. Resultados de ejercicios anteriores	10	(83704,60)	(71681,52)
VII. Resultado do exercicio	5 e 10	6511,94	(12023,08)
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	17		
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>		<b>113329,81</b>	<b>85004,22</b>
II. Deudas a corto prazo	9.2	40901,73	26717,92
1. Deudas con entidades de crédito		38825,03	20888,48
3. Outras deudas a corto prazo		2076,7	5829,44
IV. Acreedores comercialis e outras contas a pagar	9.2 e 12	69300,58	58286,3
1. Proveedores		24541,32	22502,97
2. Outros acreedores		44759,26	35783,33
VI. Periodificacións a corto prazo		3127,5	
		<b>94625,69</b>	<b>30445,9</b>

A conta de Pérdidas e Ganancias se formula como sigue:

Conta de Perdas e Ganancias a 31/12/2019 e 2018			
	NOTAS MEMORIA	31/12/2019	31/12/2018
1. Importe neto da cifra de negocios	15 e 16	388659,13	416949,27
2. Aprovisionamentos	15	(18742,22)	(3814,12)
5. Outros ingresos de explotación	16	145159,43	112680,76
6. Gastos de persoal	15	(297339,57)	(283454,89)
7. Outros gastos de explotación	15	(207078,58)	(249277,67)
8. Amortización do inmovilizado	7 e 8	(814,50)	(632,14)
9. Imputación de subvencións inmovilizado non financeiro e outras	17	92,05	
13. Outros resultados	15	(934,68)	(3470,63)
A) RDO. EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)		9001,06	(11019,42)
12. Ingresos financeiros			15
13. Gastos financeiros		(1086,52)	(1018,66)
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)		(1086,52)	(1003,66)
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		7914,51	(12023,08)
17. Impostos sobre beneficios	12	(1402,60)	
D) RESULTADOS DO EXERCICIO (C+17)	5	6511,94	(12023,08)

A formulación das contas do exercicio 2019 quedan aprobadas por unanimidade.



#### 4. Seguimento das contas do 2020

O ano 2020 está a ser un atípico pola situación que se xera polo Covid19. Están a producirse baixadas tanto en ingresos como en gastos. Refléctense a continuación a situación do balance e a conta de resultados á data do 31/07/2020.

<i>Activo</i>	2020	2019
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>	<b>40.790,39</b>	<b>1.361,69</b>
I. Inmovilizado intanXible	93,35	93,35
II. Inmovilizado material	40.697,04	1.268,34
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>	<b>63.775,98</b>	<b>103.065,05</b>
II. Existencias	6.121,75	13.899,25
III. Deudores comerciais e outras contas a cob.	8.561,21	69.521,31
1. Clientes ventas e prestación de servicios	7.155,61	7.358,42
3. Outros deudores	1.405,60	62.162,89
VI. Periodificaciones a corto prazo	557,61	0
	557,61	0
VII. Efectivo y outros activos líquidos equival.	48.535,41	19.644,49
<b>TOTAL ACTIVO</b>	<b>104.566,37</b>	<b>104.426,74</b>

<i>Pasivo</i>	2020	2019
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>	<b>63.238,28</b>	<b>69.500,04</b>
A-1) Fondos propios	33.330,33	69.500,04
101 FONDO SOCIAL	37.222,36	37.222,36
III. Reservas	-8.641,77	-7.367,37
V. Resultados de ejercicios anteriores	-77.192,66	-83.704,60
VII. Resultado do exercicio	81.942,40	123.349,65
A-3) Subvencions, donaciones e legados recibidos	29.907,95	0
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>41.328,09</b>	<b>34.926,70</b>
III. Deudas a corto prazo	-2.254,02	3.662,92
1. Deudas con entidades de crédito	891,50	-2.166,52
3. Outras deudas a corto prazo	-3.145,52	5.829,44
V. Acreedores comerc. e outras contas a pagar	40.454,61	31.263,78
1. Proveedores	9.175,07	22.242,56
b) Proveedores a corto prazo	9.175,07	22.242,56
2. Outros acreedores	31.279,54	9.021,22
VI. Periodificaciones a corto prazo	3.127,50	0
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO</b>	<b>104.566,37</b>	<b>104.426,74</b>



En relación a Conta de Perdas e Ganancias, é a seguinte:

	31/07/2020	31/07/2019
1. Importe neto da cifra de negocios	203302.66	300369.25
2. Aprovisionamentos	(5058.64)	(9025.24)
5. Outros ingresos de explotación	122957.30	111957.00
6. Gastos de persoal	(154604.39)	(167573.81)
7. Outros gastos de explotación	(77910.40)	(114449.50)
13. Outros resultados	(8813,44)	61.45
A) RDO. EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	78873.09	121339.15
12. Ingresos financeiros	4038.22	3421.90
13. Gastos financeiros	(391.04)	(265.77)
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	3647.18	3156.13
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)	83520.27	124495.28

Faise referencia ao importe final de ingresos por licenzas. A estatística a esta data é de 3875, polo que se estima unha baixada dunhas 200 licenzas, non así no orzamento de ingresos, que se achegará aos 120000€ debido ao cambio de tempada, que por primeira vez prodúcese en setembro. Do que se cobre en setembro de licenzas, 1/4 do importe aplicarase en 2020, o resto en 2021.

Como se dicía ao principio, baixouse en ingresos en case todos os sectores, pero tamén se baixou nos gastos, como é o caso da Escola de Tenis de Samil, onde non se xeraron cobranzas en abril e maio, pero tamén se aplicou erte aos traballadores. Estes datos son de seguimento polo que haberá que estar moi atentos da tendencia de aquí a decembro e axustar o máximo posible o control das contas.

O seguimento das contas é aprobado por unanimidade.

## 5. Modificación da sede do Campionato Galego de Veteranos no 2020

Debido aos protocolos de seguridade que se esixen polo Covid19 tívose que expor o cambio de sede do Campionato Galego de Veteranos, que por acordos anteriores estaba a levarse a cabo na zona de Santiago por ser a mellor en canto á equidistancia de viaxes para todos os participantes. viña facendo entre o Real Aero Club de Santiago e o Squash Club de Tenis. Ningún dos dous ten control de entrada, requisito indispensable, e ademais o RAC de Santiago é en cuberto, outro incumprimento de protocolos Covid 19. Tomouse a decisión de consultar co Sporting Club Casino da Coruña se estarían dispostos a organizalo nas súas instalacións, que aceptaron, e que a federación agradece para poder manter a actividade con todas as garantías de seguridade. Esta decisión tamén compensa nalgunha medida que as anteriores competicións, celebráronse con garantías no CCMercantil de Vigo. A inscrición non está a ser moi alta, pero aínda quedan 2 días de inscrición. A Xunta Directiva apróbaa a decisión.

Fernando Rodríguez Ferreira opina que é primordial e ademais xusto que se faga todo o posible para fomentar a participación dos xogadores nas competicións, por iso opina que se debe facer o posible para que os xogadores poidan dobrar xornada no caso de que os seus desprazamentos sexan grandes.

Dende o CEGAT pedírase autorización á RFET para que nesta competición de veteranos permitan que os xogadores con desprazamentos longos e caros poidan dobrar partidos.



## 6. Redución excepcional do prezo da licenza federativa 2020/ 2021

Como medida excepcional apróbase baixar o importe das licenzas para esta nova tempada 2020/2021. A licenza pasará de 49€ a 44€ para os absolutos e de 24€ a 22€ para os xuvenís. Destes prezos, aplicaranse contablemente 11€ ao 4º trimestre de 2020 e 33€ ata setembro de 2021. Nas licenzas dos xuvenís, 5€ aplicaranse no 4º trimestre de 2020 e 17€ ata setembro de 2021. Como é modificación das tarifas aprobadas en Asemblea de decembro de 2019, informárase tamén na Asemblea de aprobación de contas, que se celebrará o 12 de setembro de 2020.

## 7. Informes do Presidente

- a) A Secretaría Xeral para O Deporte denegou a inclusión do Touch Tennis como sección da Federación Galega de Tenis nos seus Estatutos, acordó tomado e aprobado en Asemblea Xeral de decembro de 2019. Alegan que non está incluído na RFET e que eles descoñecen a actividade.  
Estase desenvolvendo un informe para facerllo chegar e que poidan telo en conta para implementar o Touch Tennis como actividade deportiva. Unha vez o tengan en conta, a Federación presentará a documentación para que deixen incluílo nos estatutos federativos.
- b) Ano electoral en RFET. Desde a Federación Galega de Tenis búscase a coordinación co resto de federacións autonómicas. Para esta nova candidatura Galicia dispón de 5 prazas para clubs e 3 para deportistas, ademais da propia da Federación.
- c) App para árbitros  
Carlos Rivas creou unha nova app para árbitros. Implementarase á aplicación de xestión federativa. Os árbitros poderán subir en tempo real os resultados. Neste momento é de libre acceso para todos os árbitros nacionais e búscase que a RFET a distribúa de maneira oficial. Accédese a través da web da Federación Galega de Tenis, que é pioneira a través de Carlos Rivas na xestión arbitral con esta nova aplicación.
- d) Exponse que chegaron algunhas propostas de cambio nos regulamentos de competicións por equipos, división oro e veteranos +65. levarán á Asemblea, previo estudo dos cambios, acordando primeiro cos equipos implicados.

## 8. Rogos e preguntas

Á consulta de Fernando Rodríguez Ferreira sobre se se sabe se se vai a celebrar este ano o Cidade de Vigo, Memorial Antonio Santorio, respóndeselle que o Concello non o autorizado por non arriscar co Covid 19.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión, sendo as 21:45 horas e da que levanto a presente acta co Vº e pr. do presidente

O Presidente

José Mosquera Casero



Ignacio López López  
Secretario